

DONDE VIVEN
LOS CUENTOS

CONTACONTOS PARA BEBÉS

Daniela Pirata




Contacontos interactivo no que a través do conto sobre igualdade de xénero, Daniela Pirata, teremos que supera tres probas para converternos nuns auténticos piratas.

Os asistentes xogarán, cantarán e loitarán contra a desigualdade superando as mesmas probas ás que terá que enfrontarse Daniela na súa aventura. Porque para ser un bo pirata hai que saber cantar, ter todas as habilidades piratas e atopar tesouros perdidos. Unha aventura que encantará ós nenos de **0 a 2 anos**.

A viaxe



Este contacontos é unha viaxe polos sentidos. A través de diferentes contos e xogos con teas, obxectos, luces, sons e música, os máis cativos irán recorrendo na súa barquiña unha chea de illas nas que viviremos aventuras trepidantes o mesmo tempo que aprenderemos conceptos como: as cores, os números, as formas, as partes do corpo... Unha experiencia única para nenos de **0 a 5 anos**.



DONDE VIVEN
LOS CUENTOS

CONTACONTOS A PARTIR DE 3 ANOS

Monstruosas emocións




A través do conto **O monstro de cores**, de **Anna Lenas**, os nenos identificarán as *emocións* (alegría, tristeza, medo, rabia, calma e amor) a través de diferentes cancións, xogos e dinámicas que axudarán aos máis pequenos a recoñecerlas neles mesmos e nos demais. Deste xeito, traballaremos o *autocoñecemento* e a *empatía* a través das expresións faciais e condutuais, á vez que lles proporcionamos estratexias para xestionar cada emoción. Unha actividade perfecta para nenos de entre **3 a 8 anos**.

Todos diferentes, todos iguais



O conto de **Olga de Dios, Monstro Rosa**, serviranos como fío condutor deste contacontos-taller para falar sobre o *valor da diferenza* e a atención á *diversidade*. A través del, traballaremos conceptos tan importantes como a toma de decisións, a *resolución de conflitos*, a *autoestima* e a diversidade como elemento enriquecedor. Todo isto farémolo a través de cancións, xogos e mesmo creando un conto co noso propio monstro protagonista. Unha experiencia moi enriquecedora para nenos de entre **3 a 9 anos**.



DONDE VIVEN
LOS CUENTOS

CONTACONTOS A PARTIR DE 3 ANOS

Contos das estacións




Contacontos interactivo que vai cambiando segundo á estación na que nos atopemos. A través desta actividade, os nenos acercaranse á natureza e o medio rural ó mesmo tempo que estimulamos os nosos sentidos mediante pequenas actividades relacionadas cos contos.

Tomando como base un escenario no chan, o noso protagonista, un ratiño de cidade, realizará unha viaxe atravesando diferentes escenarios nos que atoparemos probas e retos que permitirán ós máis cativos, por exemplo, manipular elementos naturais (follas secas, xeo...) e inclusive probar froitos de tempada. É un contacontos perfecto para nenos de **3 a 8 anos**.

Daniela Pirata



Contacontos interactivo no que a través do conto sobre igualdade de xénero, Daniela Pirata, teremos que supera cinco probas para converternos nuns auténticos piratas. Ó finalizar e obter o desexado tesouro, teremos que enfrontarnos có Capitán que non permitirá que as nenas sexan piratas no seu barco. Na actividade, xogaremos, cantaremos, pintarémolos e loitaremos contra a desigualdade. Contacontos que enganchará ós nenos de **3 a 9 anos**.



DONDE VIVEN
LOS CUENTOS

QUEN SOMOS?



Loreto Bertín

Licenciada en Psicoloxía pola USC e especializada no ámbito educativo co Máster en Psicoloxía Infantil. Traballa na área psicoeducativa, desenvolvendo actividades con empresas e institucións de Galicia no campo da intelixencia emocional.



Carla Muñoz

Licenciada en Biblioteconomía e Documentación pola USAL, traballou en varias bibliotecas públicas, especializándose en literatura infantil e xuvenil e en tarefas de animación á lectura. Actualmente, está inmersa no proxecto Donde viven los cuentos.

DONDE VIVEN
LOS CUENTOS

Tlf. 637.91.48.34

Correo: info@dondevivenloscuentos.es

www.dondevivenloscuentos.es

